



## PROGRAMACIÓN GRUPO A xaneiro – marzo 2018

### La habitación de Nona, de Cristina Fernández Cubas



Unha nena sente unha envexa crecente cara á súa irmá Nona a quen todo o que lle ocorre é especial. Unha muller ao bordo do desafuzamento confía nunha benévola anciá que lle convida a tomar café... Cristina Fernández Cubas revisita a infancia e a madurez, a soidade e a familia, a cotidianidade das nosas casas e as nosas cidades e descóbrenos que en todos eles talvez aniñen inadvertidos o misterio, a sorpresa e o calafrío.

**Entrega: 17 xaneiro**

**Comentario: 31 xaneiro**

### Abril encantado, de Elizabeth Von Arnim



Un lugar encantador onde acudirán catro mulleres inglesas, fartas e aburridas, escapando da rutina. Alí, na primavera e en pleno Mediterráneo, conversan, viven e descubren os mellores matices da súa sensibilidade, oculta pola monotonía cotiá. E todo empezará a cambiar, quizá para sempre. Esta comedia de Elizabeth von Arnim brinda tanto pracer e fascinación hoxe como entón.

**Entrega: 31 xaneiro**

**Comentario: 14 febreiro**

### Lourenço, xograr, de Manuel Portas



Mediado o século XIII, Lourenço, un rapaz, un humilde vilán, soña con ser trovador. Como xograr do cabaleiro Joam García de Guilhade, buscará fortuna nas cortes peninsulares no empeño de que a súa arte sexa recoñecida. Nin as burlas, nin os desprezos clasistas, nin as penalidades das continuas viaxes, nin sequera as descualificacións sobre os seus dotes literarios conseguirán vencer a súa férrea vontade.

**Entrega: 14 febreiro**

**Comentario: 28 febreiro**

### La analfabeta, de Agota Kristof



Unha obra autobiográfica que sintetiza en once fragmentos, os once momentos fundamentais dunha existencia apaixonada. Un traxecto vital que describe primeiro a unha moza que devora libros en húngaro para logo dar a palabra a unha escritora recoñecida noutro idioma. Da infancia feliz á pobreza despois da guerra, os anos de soidade no internado, a morte de Stalin, a lingua materna e as linguas inimigas como o alemán e o ruso, a huída de Austria e a chegada a Suíza.

**Entrega: 28 febreiro**

**Comentario: 14 marzo**

### Me llamo Rojo, de Orhan Pamuk



"Me llamo Rojo" introdúcenos no esplendor e a decadencia do Imperio Turco. Viaxamos ata o século XVI, o sultán desexa inmortalizar a súa figura nun lenzo, pero a lei islámica prohibe. A tentación vence e catro artistas traballarán en segredo, elaborando un libro cheo de imaxes nunca antes pintadas. Ata que un deles desaparece.

**Entrega: 14 marzo**

**Comentario: 11 abril**